

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DE DISCURSO INCLUSIVO DO CONCELLO DE PONTEAREAS

A administración ten unha responsabilidade importante en promover a igualdade en todos os seus ámbitos de actuación e facelo dunha forma transversal.

A LO 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes establece no artigo 14 que «(...) serán criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos: a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas».

A **linguaxe inclusiva** é aquela que busca fórmulas -en todas as dimensións do discurso- que evoquen unha **imaxe non discriminatoria** con ningunha persoa nin grupo.

SEXISMO SOCIAL OU DISCURSIVO

Cando se transmite **contido** sexista e discriminatorio contra as mulleres.

Isto pode darse cando reforzamos prexuízos, repetimos estereotipos ou comunicamos contidos que reproducen a desigualdade.

É un caso semellante ao discurso homobobitránsfobo ou ao racista, por exemplo.

SEXISMO LINGÜÍSTICO OU GRAMATICAL

Cando é o **uso** o que discrimina. Utilízase a linguaxe ignorando a presenza ou visibilidade das mulleres. O mesmo pode suceder con outros colectivos minoritarios ou minorizados.

A REGRA DA INVERSIÓN

É unha fórmula moi sinxela de aplicar para saber se estamos utilizando linguaxe sexista .

Se ao cambiar as palabras en masculino polas súas correspondentes en feminino ,ou á inversa, o resultado é inadecuado ou sorprendente, hai sexismo na primeira opción. Pola contra, se a nova frase non resulta inadecuada estamos facendo un uso inclusivo. Tamén se pode aplicar coas imaxes.

Emprega os desdobramentos

Utilizaos xunto con outras fórmulas e alterna a orde cando os uses.
o/a/e
as/es/os

Recorre a substantivos colectivos e outras estruturas xenéricas

persoal
público
concellería
funcionariado
cidadanía
pobo
veciñanza

Usa o pronome relativo «quen» ou os indefinidos

(ninguén, alguén, calquera, cada...)

Experimenta con recursos gráficos

@ / æ
() *
+

Non visibilices o xénero se non é necesario.

Omite o determinante en substantivos comúns
Convidamos a representantes das Comunidades de Montes

Evita fórmulas discriminatorias

Fuxe das expresións que reproducen estereotipos

Diríxete sempre a cada persoa polo pronome co que se identifica

Non uses o feminino para descualificar

Hai moitas fórmulas que podemos utilizar para comunicarnos de forma inclusiva. Escolleremos unhas ou outras dependendo do contexto e o público a quen nos dirixamos.

Recurso elaborado polo persoal técnico do CIM de Pontearreas

